

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO
2023

FORMACIÓN EN DANZA
PARA PROFESIONAIS



XUNTA
DE GALICIA

2023

FORMACIÓN EN DANZA PARA PROFESIONAIS

📅 3 ao 7 de xullo

Curso de ferramentas da interpretación para profesionais e pre-profesionais da danza03

📅 17 ao 21 de xullo

Curso de danza inclusiva como terapia educativa
Teórico-práctico04

📅 24 ao 28 de xullo

Curso sobre saúde emocional e motivación na danza05

📅 11 ao 15 de setembro

Curso de procesos creativos e posta en escena06

📅 18 ao 22 de setembro

Curso de distribución escénica 07

📅 30 de setembro

Curso de acompañamento na moderación e facilitación de terceiros colaboradores08

📅 2 ao 6 de outubro

Curso de danza tradicional: como incluíla nun espectáculo09

📅 4 ao 8 de decembro

Up, but down, but fast, but slow, but wild, but sensitive 10

10%

A PARTIR DE DOUS CURSOS SOLICITADOS

20%

A PARTIR DE TRES CURSOS SOLICITADOS

25%

A PARTIR DE CATRO CURSOS SOLICITADOS

Enviar preinscricións a:

✉ formacion.ccg@xunta.gal

☎ 881 960 543

Prazo de matriculación desde a súa publicación ata 10 días antes da celebración de cada curso ou ata esgotar as prazas.

Curso de ferramentas da interpretación para profesionais e pre-profesionais da danza

SOBRE O CURSO

30€

 **20** prazas

 **15 horas** de formación

 Do **03/07** ao **07/07**


 **10:00h** a **13:00h**

 **Academia Lodanzas**
Área Central. Rúa Varsovia, 4. NI, 3ºB
15707 Santiago de Compostela

Dirixido a profesionais da danza e estudantes a partir de 15 anos.

Curso que achegará todo o necesario para a interpretación dos diferentes personaxes que os bailaríns necesitan para saír ao escenario, co fin de acadar maior madurez interpretativa e mellorar a calidade artística.

IMPARTIDO POR



Manuela Díaz

A actriz e profesora Manuela Díaz, que actualmente reside en Santiago de Compostela, naceu en Bos Aires, onde comezou a súa formación e onde se especializa en Comedia Musical na Fundación Julio Bocca. En Arxentina traballou como intérprete en teatro, con experiencias como *Romeo e Xulieta* no emblemático Teatro San Martín da capital; tamén, cinema e series de televisión. Desde hai máis de 15 anos organiza os seus propios talleres de teatro para persoas adultas e adolescentes entre Bos Aires, Galicia e Madrid. Destacan os seus seminarios en Madrid para intérpretes afeccionados e profesionais no espazo Lola te Cuida. Na actualidade imparte talleres de interpretación na escola de música Garaxeland e na Fundación Eugenio Granell en Santiago de Compostela.


Curso de danza inclusiva como terapia educativa

Teórico-práctico

SOBRE O CURSO


30€

 20 prazas

 15 horas de formación

 Do 17/07 ao 21/07

 10:00h a 13:00h

 **Centro Coreográfico Galego**
Polideportivo de Elviña. Praza de Agustín Díaz, 1
15008 A Coruña

Dirixido a profesionais das artes escénicas e estudantes a partir de 15 anos.

Programa formativo intensivo destinado a ampliar coñecementos sobre a educación inclusiva, inclusión social e diversidade e danza inclusiva. Repensar estratexias de cooperación que fomenten novos métodos de transmisión na práctica artística e impulsar procesos que fomenten o recoñecemento da danza como ferramenta cara á inclusión desde un punto de vista educativo e artístico, formulando desafíos para xerar planos a diferentes niveis con outros sectores.

IMPARTIDO POR



José Ramón Marcos Martínez

Doutor Cum Laude en Educación pola Universidade Autónoma de Madrid en 2022, José Ramón Marcos Martínez é un artista multidisciplinar independente especializado en danza e teatro inclusivos. Viviu seis anos en París, onde compaxinou estudos co traballo como intérprete en compañías como ALL MOOV ou La Posible Echappé, ademais de realizar o proxecto internacional *Erasmus + SHIFT!* en colaboración coa Fundación Psico Ballet Maite León (España), Misiconi Company (Países Baixos) e Northern Ballet (Reino Unido). Como creador, presentou obras como *BÚNKER* no Centro Dramático Nacional (Madrid 2019) ou *Alma mía* no Festival ProTeatr (Moscú 2022). Actualmente, dirixe o proxecto de arte inclusivo *Estamos a tiempo* en Albacete, a súa cidade natal, e desenvolve a investigación *Miradas múltiples en torno a la danza inclusiva en España* apoiado polo Instituto de la Juventud (Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030).

Curso sobre saúde emocional e motivación na danza

SOBRE O CURSO

30€

 20 prazas

 15 horas de formación

 Do 24/07 ao 28/07

 10:00h a 13:00h

 **Conservatorio Profesional de Danza de Lugo**
Ronda Músico Xosé Castiñeira, 5
27002 Lugo

Dirixido a profesionais da danza e estudantes a partir de 15 anos.

Curso ao redor da neurofisioloxía aplicada á innovación pedagóxica, xestión emocional e optimización do rendemento. Empatía como ferramenta contra o bullying, auto-concepto e auto-imaxe, motivación intrínseca e extrínseca, e capacidade resolutiva.

IMPARTIDO POR



Jorge Crecis

Autor, coreógrafo e docente, Jorge Crecis é licenciado en Ciencias do Deporte, estudou danza contemporánea no Real Conservatorio de Madrid, doutorouse en Goldsmiths (Universidade de Londres) e recentemente completou un mestrado en *coaching* enfocado ao alto rendemento deportivo e empresarial. Traballou como bailarín profesional para diferentes compañías en toda Europa e como profesor titular na London Contemporary Dance School (The Place), ata 2012, cando decide dedicarse a tempo completo á coreografía e á investigación. Creou pezas para Acosta Danza (Cuba), Beijing 9 Contemporary Dance Theatre (China) e Scottish Dance Theatre (Reino Unido) entre outras, e é coreógrafo convidado en compañías de todo o mundo. Adestrar a presenza escénica con rutinas corporais accesibles deu lugar a unha metodoloxía denominada Towards Vivencia, coa que se doutorou por Goldsmiths.

Curso de procesos creativos e posta en escena

SOBRE O CURSO


30€

 20 prazas

 15 horas de formación

 Do 11/09 ao 15/09

 10:00h a 13:00h

 **Centro Coreográfico Galego**
Polideportivo de Elviña. Praza de Agustín Díaz, 1
15008 A Coruña

Dirixido a profesionais da danza e estudantes a partir de 15 anos.

Como xorde unha idea, como a desenvolvemos, como chegamos a ser persoas creativas, etc; todas estas preguntas e moitas máis serán a chave deste curso teórico-práctico.

IMPARTIDO POR



Itziar del Val

Bailarina, coreógrafa e profesora de danza, no amplo currículo de Itziar del Val destacan as súas interpretacións en teatro musical, danza clásica e contemporánea e, tamén, canto e cabaré. Parte da súa formación técnica realizouna en Nova York tras comezar a bailar en Bilbao e afianzar a aprendizaxe en Madrid. Apaixonada da educación artística, é tamén Diplomada en Maxisterio Infantil e imparte aulas de danza moderna, jazz e contemporánea en diferentes centros de Madrid e País Vasco. O seu obxectivo é aprenderlle ao alumnado a utilizar o corpo como contido e medio de expresión. Como bailarina e coreógrafa espalla o seu traballo en teatro musical, cinema e publicidade, e en 2022 estreou a peza de microteatro *3774 (ella)*, da que é directora.

Curso de distribución escénica


SOBRE O CURSO

30€

 20 prazas

 15 horas de formación

 Do 18/09 ao 22/09

 Luns, mércores e venres: de 10:00h a 13:00h
Martes e xoves: de 16:00h a 19:00h

 Online

Dirixido a profesionais das artes escénicas e a carreiras emerxentes.

Con este taller, o obxectivo é dotar o alumnado das ferramentas necesarias para aprender a distribuír un espectáculo de artes escénicas, a quen dirixirse, que materiais presentar, como facelo, etc.

IMPARTIDO POR




Lilian Portela

Lilian Portela inicia o seu camiño nas artes escénicas no ano 2012, traballando en produción, distribución e xestión para distintas compañías de danza, teatro e música. En 2022 decídese a crear a súa propia empresa e así nace AMARELO Distribución Escénica, un proxecto adicado á distribución nacional e internacional de artes escénicas coa intención de servir de corrente de transmisión entre artistas e programadores, traballando tanto con compañías de prestixio recoñecido como con novos valores. A danza e as novas linguaxes son áreas destacadas no traballo de Lilian Portela como distribuidora.

Curso de acompañamento na moderación e facilitación de terceiros colaboradores

SOBRE O CURSO

30€

 20 prazas

 6h 30min de formación

 30/09


 De 10:00h a 14:00h e de 16:00h a 18:30h

 Online

Dirixido a profesionais das artes escénicas e carreiras emerxentes.

Como redactar unha proposta co fin de solicitar unha axuda ás administracións públicas ou como integrala en programas europeos serán algúns dos temas a tratar neste curso de acompañamento ás creadoras e creadores de danza ou de calquera outra das artes escénicas.

IMPARTIDO POR



Uxío Novo

Nacido en Lugo en 1981, Uxío Novo é licenciado e DEA en Ciencias Políticas e da Administración pola Universidade de Santiago de Compostela. Tamén, Máster en Unión Europea e Fondos Comunitarios pola Universidade da Coruña / Lovaina e Experto en Organizacións Financeiras Multilaterais e Licitación Internacional da Escola Abanca. Combinou traballos no sector privado como consultor de PNO-Econet, Dircom de Rei Zentolo e Co-CEO de Caligrama Libros con postos técnicos e de gabinete nas administracións públicas. Secretario da Fundación Uxío Novoneyra, coordina a súa antena de financiamento ITH e internacionalización do sector cultural. É vogal da directiva da Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (AGPXC) e desenvolve traballos de consultaría e formación nos eidos do financiamento público da cultura, o turismo, o medio e o desenvolvemento rururbano.


Curso de danza tradicional: como incluíla nun espectáculo

SOBRE O CURSO


30€

 20 prazas

 15 horas de formación

 Do 02/10 ao 06/10

 10:00h a 13:00h

 **Centro Coreográfico Galego**
Polideportivo de Elviña. Praza de Agustín Díaz, 1
15008 A Coruña

Dirixido a profesionais da danza e estudantes a partir de 15 anos.

Curso centrado na danza tradicional, en calquera dos seus bailes populares, e a súa relación coa danza en todas as súas disciplinas.

IMPARTIDO POR



Iván Villar

Nacido en Cee en 1980, Iván Villar, que se graduou en Danza Contemporánea no Conservatorio de Lugo, gañou hai dous anos o premio Max ao Mellor Intérprete Masculino de Danza 2021 polo seu traballo en *Leira* de Nova Galega de Danza. Villar incorpórase á compañía en 2008, cando xa formara parte do Ballet Galego Rey de Viana, entre 1997 e 2006, e participara en *Vacuo*, espectáculo do Centro Coreográfico Galego en 2007 con coreografía de Maruxa Salas, sobre o que asegura que foi un punto de inflexión na súa traxectoria. Ese mesmo ano é premiado no maratón de danza de Madrid coa compañía Entrecaixas e a peza *Miniaturas*. En 2010 encárgase da coreografía do espectáculo *Danza e contradanza* para a compañía CONTRA2, con Nelson Quinteiro, con quen segue colaborando na última década. Villar é un referente da fusión da danza tradicional e o folclore coa danza contemporánea.

Up, but down, but fast, but slow, but wild, but sensitive

SOBRE O CURSO

30€

👤 20 prazas

🕒 15 horas de formación

📅 Do 04/12 ao 08/12

🕒 10:00h a 13:00h

📍 **Centro Coreográfico Galego**
Polideportivo de Elviña. Praza de Agustín Díaz, 1
15008 A Coruña

Dirixido a profesionais da danza e estudantes a partir de 15 anos.

Taller que xoga coa transformación da linguaxe do *breaking* a outras formas e calidades dinámicas, desde a exploración do corpo, para buscar a teatralidade.

IMPARTIDO POR



Akira Yoshida

Akira Yoshida é un bailarín que empeza no *breaking* e co tempo ábrese á danza contemporánea e ás artes escénicas. Tras recibir a Beca Principal Artística de Navarra, realizou os seus estudos na SEAD (Academia Experimental de Danza de Salzburgo). Traballou coas compañías Peeping Tom, Lali Ayguadé Company, Yoann Bourgeois, Hungry Sharks, Physical Momentum, Roberto Oliván Performing Arts, Ceren Orán, QuieroTeatro, Ziomara Hormaetxe, etc. Outros proxectos seus son o último desfile de Louis Vuitton de Virgil Abloh, e os novos anuncios de J.O.T.T. e Polaroid. Impulsou os seus propios solos *Home*, *Burial of the Bark* e *Oroimen*, e co-creou os duetos *Together To Get There* e *Gizaki* con Lali Ayguadé (nominado aos Premis de la Critica e Premis Butaca), e *Hito* con Chey Jurado (Premio do Público en MasDanza, e tres premios en Paso a 2). Akira creou a coreografía de *Dreaming Nowhere* para Cobosmika, e foi asistente de Lali Ayguadé en *Sublimation* para a KNCDC (Korea National Contemporary Dance Company) e *Shelter* para a Verve Dance Company.



CENTRO
COREOGRÁFICO
GALEGO

Polideportivo de Elviña
Praza de Agustín Díaz, 1
15008 A Coruña

✉ formacion.ccg@xunta.gal

☎ 881 960 543

www.centrocoreografico.xunta.gal
www.agadic.gal